



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

María do Carme Adán Villamarín e Bieito Lobeira Domínguez, deputada e deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa ao custo económico da substitución das Galescolas (Rede de Escolas Infantís) polas denominadas “Galiñas Azuis” (Rede de Escolas Infantís de Galicia).

Á marxe das evidentes consideracións de carácter ideolóxico-político que rodean e fundamentan a decisión do Goberno do Partido Popular de substituír a iconografía e simboloxía das Galescolas polas agora denominadas “Galiñas Azuis”, hai un aspecto, vinculado ao custo económico desta operación política, que cumpre ter en conta, máis aínda coa tan “cacarexada” (permítasenos a expresión, tamén vinculadas a esa simpática ave, tan omnívora como apolítica) liña de austeridade governamental preconizada polo Partido Popular.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.^a) Cal é o custo económico global da substitución da imaxe corporativa, iconografía, deseño e simboloxía en todo tipo de rotulacións, sinalética, subministros e materiais didácticos, téxtis, administrativos, informáticos, de deseño, transporte e distribución, etc., provocado pola decisión política de substituír as Galescolas polas Galiñas Azuis?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/08/2009 12:11
Nº Rexistro: 06074
Data envío: 24/08/2009 12:11:40.829

2.^a) De xeito desglosado, canto se gastou en cada un dos conceptos?

3.^a) Cales foron as empresas beneficiadas, con que cuantía en cada caso, e por que produtos, bens ou servizos en cada caso?

4.^a) Fican actuacións e/ou pagos pendentes?

5.^a) En caso positivo, cales e en que consisten?

Santiago de Compostela, 24 de agosto de 2009.

Asdo.: María do Carme Adán Villamarín

Bieito Lobeira Domínguez

Deputado e deputada do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adán Villamarín na data 24/08/2009 12:05:18

Bieito Lobeira Domínguez na data 24/08/2009 12:05:26